

Xoves, 26 de agosto de 2021

Núm. 164

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VILANOVA DE AROUSA

##### Recadación

*EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, CANON DA AUGA, COEFICIENTE DE VERTEVEDURA E SANEAMENTO CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2021.*

*Exposición pública do Padrón das Taxas polos Servizos de Subministración de auga, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento correspondentes ao 2º trimestre de 2021.*

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento, correspondente ao 2º trimestre de 2021, estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na Travesía Grupo Escolar, 4–local 6, en horario de 9:30 a 13:00 horas, de luns a xoves e de 9:00 a 12:30 os venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións que consideren oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso–administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico–administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:30 a 13:00 horas de luns a xoves, e de 9:00 a 12:30 os venres, excepto festivos.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 03 de novembro de 2021, as débedas pendentas esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga e o coeficiente de vertedura, a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Vilanova de Arousa, a 19 de agosto de 2021.—O Alcalde, Gonzalo Durán Hermida.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: X91GHOSINF2S9ET

